

Follas do Cineclub | 20/01/2016

As limpadoras nocturnas
(Nightcleaners, Berwick Street Film Collective,
Reino Unido, 1975, 90 minutos, VOSG)

02

Artigo completo en María Ruido (ed.): *Plan Rosebud. Sobre imaxes, lugares e políticas da memoria*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 2008, p. 203-216.

(...)

Nightcleaners foi dirixida por Marc Karlin, que traballaba como parte dun grupo de directores de esquerdas, o Berwick Street Collective. *Nightcleaners* documenta as vidas laborais de mulleres que limpan edificios de oficinas polas noites en Londres. Filmada en branco e negro, lanza unha mirada lenta e implacable á monotona repetitiva do traballo doméstico segundo o sistema de contratación de emprego esporádico a través do cal as condicións das mulleres eran diferentes das do traballo dominante regulado e dos dereitos dos sindicatos. A cámara captura o illamento das mulleres mentres pasan a aspiradora, limpan o po, enceran os chans, limpan os cristais en enormes bloques de pisos nunha cidade escura e deserta. Exclúeas tanto a súa condición de non estaren reguladas como traballadoras coma a escuridade que as rodea. A película non se limita ao lugar de traballo, senón que tamén nos amosa os fogares e comunidades das mulleres, onde aínda seguen traballando, atendendo os seus fogares e coidando os seus fillos e maridos. O seu enfoque aproxímase para nos facer un retrato das aspiracións e soños individuais, unha perspectiva pouco común sobre as experiencias dun grupo de mulleres que mesmo dentro da clase traballadora son pouco visibles como suxeitos históricos.

Aínda que as traballadoras son as personaxes centrais, a película tamén describe os esforzos de membros de grupos de liberación da muller por recrutar as limpadoras para que formen parte dos sindicatos e así melloren os soldos e as súas condicións. Polo tanto, *Nightcleaners* documenta o activismo feminista nun momento de axitación política e económica, e mostra o fermento da rebelión da masa traballadora contra os intentos de refrear o poder dos sindicatos. A oposición aos intentos de facer que os traballadores sexan os que sufran as consecuencias da crise económica foi masculina na súa gran maioría, e a disidencia das limpadoras foi insignificante en comparación. Non obstante, adquiriron unha importancia simbólica como a voz que representaba a sección da forza de traballo máis explotada. Súa é a resistencia contra todo prognóstico, un sinal de esperanza dun grupo de traballadoras que só posuían un fráxil historial de loita.

Mirando en retrospectiva, os aspectos que máis nos escapaban no momento eran as afirmacións e as actitudes que parecían

bastante obvias no seu momento, porque se trata de obviedades tácitas que ninguén consideraba necesario explicar. Así que comezarei dándolles tres nocións de comezos do setenta que parecían bastante obvias dentro do ámbito cultural radical no que se concibiu e se realizou a película.

En primeiro lugar, considerábase cada loita ou campaña específica como parte dun proxecto máis amplo de transformación social, por moi vagamente que se concibise ou definise. Parecía que había un *movemento* de esquerdas que actuaba dentro da sociedade, a pesar de que houbera moitos ramais sectarios en conflito e novos avances, como o movemento de liberación da muller. Polo tanto, para a maioría das mulleres que crearon pequenos grupos desde 1969, parecía evidente a conexión co movemento dos traballadores. De feito, cando celebramos a nosa primeira conferencia en Rusking College, un colexio do sindicato en Oxford a comezos dos setenta, os que a organizamos contactamos con gran dificultade coas mulleres dos sindicatos. Como era de supoñer, só veu unha minoría, pero as relacións continuaron. Esta realidade política vivida na primeira metade dos setenta sería enterrada durante os oitenta, cando a teoría do “novo movemento social” entendía os novos movementos como separados e opostos á “vella esquerda” dos traballadores. Pola contra, moitas integrantes do movemento de liberación da muller buscaban *por un lado* complementar e cambiar a organización laboral e *por outro* crear novas formas de organización.

A comezos dos setenta seguíase considerando o “traballo real” o que se realizaba nas fábricas, e polo que ao movemento laboral respectaba, os “traballadores reais” eran homes brancos. Unha xeración segura de si mesma de homes novos de clase traballadora, que o único que coñeceran fora traballo a tempo completo na posguerra, íase enfrontar directamente cos gobernos conservador e laborista. O seu punto de vista era de sindicalismo espontáneo e resaltaban a forza no lugar de traballo. Non obstante, esta visión non se axustaba ás circunstancias da maioría das traballadoras, que adoitaban estar en posicións máis vulnerables na industria privada e que ademais estaban concentradas no sector público, onde as folgas afectaban inevitavelmente a persoas que dependían de prestacións sociais. A influencia do feminismo contribuiría a un cuestionamento continuado sobre o modo en que se vía o traballo e como podían mobilizarse os traballadores. De aí que o que se deu a coñecer como a “campaña das limpadores de noite” formase parte dun intento maior de pasar ás traballadoras a un primeiro plano e desafiar a autosuficiencia dos sindicatos con respecto á subordinación das mulleres.

En segundo lugar, a enerxía e o entusiasmo que fixeron parecer evidente a centos de mulleres, na súa maioría novas, que acudiron á primeira conferencia en Ruskin, que novas formas de organización eran posibles con respecto ás desigualdades, necesidades, sentimentos de opresión, malestar nas relacións persoais, procedentes das axitacións utópicas de 1968. Daba a sensación de que a política estaba expandíndose a todos os aspectos da vida. Non se trataba simplemente de votar ou ser dun partido, nin do poder do Estado ou da arte do posible. Tratábase de accións directas de política participatoria, de transformar a existencia directa e de todos os aspectos das relacións, de

Sacudindo a memoria: Recordemos Nightcleaners

Sheila Rowbotham

pedir o imposible e vivir desafiando os principios establecidos. Estas ideas estaban a penetrar na nova esquerda formada a mediados dos setenta e foron incorporadas aos grupos de liberación da muller por mulleres que pertencían a ambos os dous movementos.

(...)

En 1971, Marc Karlin, xunto con Humphrey Trevelyan e Richard Mordaunt, separáronse [do grupo Cinema Action] para formar o Berwick Street Film Collective, que máis tarde se convertería en Lusia Films. Querían producir películas que non só informasen ou instruísen o espectador a través dunha perspectiva política concreta. Tamén buscaban liberar a imaxinación e deixar un espazo para a reflexión. Non obstante, persistía a tradición establecida por Cinema Action das prácticas de traballo en equipo. Non só se mantiveron as estruturas democráticas, senón que o equipo se prestaba entre os grupos a xeito de cooperativa. Os novos colectivos atopáronse colaborando amigablemente cunha xeración maior de directores do Partido Comunista. A pesar das diferenzas políticas, estaban conectados por estar á marxe da tendencia comercial dominante.

A inspiración para *Nightcleaners* procedeu do movemento de liberación da muller que se estendera rapidamente por todo o país e que era especialmente numeroso en Londres, onde os pequenos grupos se afiliaron para formar unha organización, o Taller de Liberación da Muller, onde cada grupo elaboraba un boletín informativo e a continuación unha revista impresa en litografías offset. A xeito de desafío, adoptamos como nome a palabra burlona para describir as mulleres de mal carácter, *Fera*. Entre estes grupos estaba a campaña das limpadoras de noite que comezara no meu cuarto, xusto debaixo do de Marc, na casa comunal na que viviamos. No outono de 1970, unha antiga limpadora, May Hobbs, que estaba indignada polas condicións impostas ás limpadoras por contratos, veu pedírnos que a axudásemos a distribuír folletos nos edificios nos que traballaban as mulleres. Nun primeiro momento puxérase en contacto con membros dos Socialistas Internacionais (SI) (agora coñecidos como Partido dos Traballadores Socialistas), grupo trotskista, e algúns dos meus amigos de SI pedíronme que pasase a información a través do boletín informativo do Taller de Liberación da Muller. Chegaron unhas quince mulleres e un home, e a campaña púxose en marcha.

Seguindo o modelo americano de apelar a conciencia, comprometémonos a falar das nosas propias experiencias persoais nos grupos do Taller de Liberación da Muller. Non obstante, despois de levar isto a cabo, moitas de nós sentiamos que dedicarse só a falar dos nosos sentimentos de opresión non era suficiente. Queríamos que as traballadoras participasen e queríamos *facer* algo sobre a opresión das mulleres, non só falar sobre o tema.

(...)

May Hobbs estaba irritada porque en lugar da breve película de campaña que esperaba, a película era longa, tocaba moitos temas e non era nada festiva. De feito revelaba, con frecuencia de forma dolorosa, as dificultades de organizarse e as diferenzas entre os desexos e a realidade. O propio Marc Karlin, nunha entrevista con Patric Wright antes de morrer, observou que “a película falaba sobre as distancias”. O esforzo por comunicarse atravesando o abismo de clases e de aspiracións políticas vese na relación entre as limpadoras e as distribuidoras de panfletos e entre as mulleres e os directores.

(...)

A distancia tan difícil de superar no día a día, os elementos básicos da vida e da organización puideron, non obstante, pechase de modo temporal durante os momentos de contacto e de celebración. A película captura de forma visual unha sensación transcendente doutras posibilidades que xorden individual e colectivamente entre as limpadoras. De aí que non describa simplemente a resistencia dun grupo de mulleres excluídas das versións dominantes da historia da era; tamén permite que o espectador as vexa con cautela provocando unha maior concienciación. Vemos a través da película como as limpadoras son prudentes, porque anhelar un cambio é todo un luxo. As aspiracións causan dor porque requiren enerxía e sempre se viron obrigadas a centrarse na supervivencia. Así mesmo, a película pon de manifesto, dun xeito simbólico, como a rebelión xeral da clase traballadora durante a década dos setenta implicaba novos modos de relacionarse e de ser. Nunha marcha contra un intento de debilitar os sindicatos, dous mineiros coas súas fundas e cascos rompen filas e empezan a bailar con outros, sorrindo á cámara. A loita non segue os guións establecidos máis que nas formas nas que Marc Karlin intentou comunicar o modo en que os traballadores en Gran Bretaña estendían a súa man para tocar o que podería ser. A resistencia flúe atravesando barreiras.

Ao negarse a un formato de película de campaña ordenada, Marc Karlin transmite, a un espectador disposto a ver a lenta revelación dun mundo perdido hai moito tempo, un significado humano moito máis profundo.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

13 DE XANEIRO

Fíos fóra (Illa Bufarda-Amarante Setem, Galiza, 2015, 90 minutos, VOG)
Proxección coorganizada coa Gentalha do Pichel, Illa Bufarda e Amarante Setem.
Coa presenza das directoras do filme e da investigadora Marta Negro.

20 DE XANEIRO

As limpadoras nocturnas (Nightcleaners, Berwick Street Film Collective, Reino Unido, 1975, 90 minutos, VOSG)

27 DE XANEIRO

Traballo eventual dunha escrava (Gelegenheitsarbeit einer Sklavin, Alexander Kluge, RFA, 1973, 91 minutos, VOSG)